

VIEIROS

Edición xeral

Avelino Pousa Antelo

Non hai descanso, noso amigo grande. Nas últimas primaveras desde 1914 médranche as abellas e as formigas; e case non das feito para tanta alborecida que te acorda, coma hoxe co Pendello de Honra n'Agolada. Ese carreiro dos insectos do labor, esa multiplicación. E nunca negas. Achegas o sorriso e súbeste no auto de David, camiño avante, a recibires os bicos e as apertas, os ghainetes e as tullas das palabras. Nosas. Non hai baleiro.

- 07:01 18/09/2006

Todo é rebullicio: desde os teus ollos que avistan coa sabiduría dos invernos convencidos, ata esas maus que aínda recollen os paxaros do fol da gaita e son capaces de repenicar no tamboril dos músicos, como Axóuxere de Melide; e danzares a muiñeira con María (non lembras hai agora tres anos, os días cinco e seis de setembro foran, aló na terra dos irmaus do Xálíma?) A Estemadura que fala coma nós e ti interpretando para eles, en San Martí de Trevelu e na praza grande de Valverdi, e nas Ellas, todo o repertorio de Galiza nos pentagramas: Música e Palabra e Vida feitas "Meu bailador"-díxenche. E gardamos nolos dous nun queipo de buxo a sinatura cos versos do vate do Courel: "Será a miña xeración quen te salve". Pode acaso Novoneyra ficar máis feliz na espera namentras ti asistas á promesa.

E hoxe outra volta aquí, neno eterno do Val da Barcala, Lucho do Peto, amigo sen pedires, mestre das vangardas que fixeran a revolución nas escolas e nas agras abertas dos primeiros anos da ensoñación, antes da incivil e aínda despois ao caladiño desde o exilio e coa medida das alertas. E lembrome de Castelao, a túa adoración e nome que presides desde a Asociación: o perfil do rianxeiro en ti, esa humildade, o xeito vertical da vida, coma a xunqueira e as árbores que non dobran nin ceden senón é de raíz, cando os ventos mal chegados. Sabémoste a milleiros. Nesta mañá de setembro, cando o reloxo marque nas agullas as doce horas, esa sobreposta de unha sobre a outra, para a fusión da luz e da esperanza, hanche dar as mil veces obrigadas/os nesta xeira merecente, para que as gardes e que as leves contigo en corpo de ledicia e teñas tamén un anaco do teu tempo na memoria desta arquitectura humilde, de feira antiga, corredores abertos, pontes de respecto e tratos, poxas co futuro que labramos: ti que es xeneroso e aberto, sabio. Meu bailador. Vive cento e trinta alborecidas máis. E nembra esta data en confianza.